



Resolución da Dirección Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se actualiza a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da Confraría de pescadores de Laxe

Antecedentes

1. O 21.04.2023 esta dirección territorial ditou a Resolución pola que se fixo pública a lista aberta para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no Plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da Confraría de pescadores de Laxe (en adiante plan de xestión).

2. A Orde do 19 de decembro de 2024 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027 (DOG Núm. 251, de 31.12.2024).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión (PE410A 2024/31-1), estableceuse un número máximo de 19 embarcacións con 35 tripulantes habilitados con dereito a cota para todo o trienio 2025-2027.

Trala finalización do último proceso de renovación de 2024 desta modalidade na entidade para o trienio 2025-2027 e a perda posterior dunha embarcación por cambio de porto base o número de embarcacións con percebe no permiso de explotación autorizadas para participar actualmente no plan é de 14 embarcacións e 24 habilitacións.

3. As embarcacións AUXILIAR DEL PAZ (CFPO 50480), BARCIA (CFPO 100193) e MARIPOSA (CFPO 52062) perderon o recurso PERCEBE (Z6) no seu permiso de explotación por teren cambiado de porto base trala tramitación dos correspondentes expedientes resoltos, respectivamente, o 26.11.2024, o 21.12.2024 e o 29.01.2025.

4. A embarcación AVE S (CFPO 100218) perdeu unha (1) cota no proceso de renovación de 2024, pasando de dúas (2) a unha (1).

5. A embarcación SEGUNDO RUSIÑO (CFPO 57840) foi aportada como baixa para a nova construción NOVO RUSIÑO (CFPO 100601), á que se trasladou o permiso de explotación sen cambio de persoa armadora trala tramitación do correspondente expediente, resolto o 19.04.2024.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 39 a 46 o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as





embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

2. No punto 4 do artigo 39 da Orde do 30 de decembro de 2015, establécese que as listas estarán abertas permanentemente para que as persoas armadoras de embarcacións interesadas incluídas no plan de xestión poidan solicitar a inscrición.

3. As embarcacións admitidas están incluídas no plan de xestión de percebe da confraría de pescadores de Laxe e cumpren os requisitos establecidos para participar no sistema de listas para o incremento do número de cotas de captura do recurso específico percebe (artigos 41 e 42 da Orde do 30 de decembro de 2015).

4. As solicitudes presentadas valoráronse de acordo co establecido no anexo I (epígrafes A e C) da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020. Este baremo inclúe ou outorgamento de cinco (5) puntos para as embarcacións que contén cunha (1) soa cota de captura. A embarcación AVE S (CFPO 100218) pasou a ter unha cota, co que lle corresponde a dita puntuación.

5. No caso de que se efectúe a transmisión do permiso de explotación dunha embarcación inscrita na lista, a embarcación causará baixa nesta. Para a súa inclusión, a nova persoa armadora deberá presentar unha nova solicitude de inscrición na lista ao obxecto de actualizar os méritos para a nova persoa armadora no momento en que se autorice a transmisión do permiso de explotación.

6. As embarcacións que forman parte da lista e son aportadas como baixa para unha nova construción á que se lle traslada o permiso de explotación sen que haxa cambio da persoa armadora serán substituídas polas novas construcións conservando a súa puntuación.

7. Esta dirección territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Actualizar a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores Laxe e publicar a puntuación provisional das embarcacións no Anexo I desta resolución.

2. Excluir da lista aberta as embarcacións AUXILIAR DEL PAZ (CFPO 50480), BARCIA (CFPO 100193) e MARIPOSA (CFPO 52062) por teren perdido o recurso.





3. Substituír na lista aberta á embarcación SEGUNDO RUSIÑO (CFPO 57840) pola embarcación NOVO RUSIÑO (CFPO 100601) por ter sido aportada co baixa para esta nova construción, a que se lle trasladou o permiso de explotación sen cambiar a persoa armadora.

Contra a puntuación provisional as persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución ante a Dirección Territorial da Coruña da Consellería do Mar. As alegacións non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de selo caso, si se terán en conta para a puntuación definitiva.

O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigatoriedade para as persoas traballadoras autónomas de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional. Por tanto, as alegacións, deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado asociado á solicitude inicial do procedemento PE401M (achega de documentación separada da solicitude) ou ben a través do formulario de alegacións dispoñible nos modelos xenéricos da sede electrónica (<https://sede.xunta.gal>).

Para a presentación da documentación será necesario identificarse electronicamente mediante calquera dos sistemas de identificación e sinatura admitidos pola sede da Xunta de Galicia.

A presente resolución publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. Tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro da confraría de pescadores de Laxe.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Laxe consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial
María José Cancelo Baquero





ANEXO I: Lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión de Percebe da Confraría de pescadores de Laxe

Embarcación	Matrícula Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional armador C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
ALBERTO SEGUNDO	CO-3 1-09	5,00	2,60	3,00	10.60
JORGE	CO-3 1575	5,00	2,20	3,00	10.20
AVE S	CO-3 3-20	5,00	4,00	1,00	10.00
ISAAC	CO-3 1600	5,00	4,00	1,00	10.00
O SALMONETE	CO-3 2-11	5,00	4,00	1,00	10.00
TOJA	CO-3 1-07	5,00	3,20	1,00	9.20
LAXEIRA	CO-3 2-04	0,00	4,00	3,00	7.00
RIA DE LAXE	CO-3 4-92	0,00	4,00	3,00	7.00
SEGUNDA ORLINDA	CO-3 1-92	0,00	4,00	3,00	7.00
NOVO RUSIÑO	CO-3 1-24	0,00	2,20	2,00	4.20
NUEVO MODES	CO-3 1-06	0,00	4,00	0,00	4.00
CINTIA T	CO-3 3-00	0,00	0,00	1,00	1.00
PLAYA DE ESTORDE	CO-5 2-03	0,00	0,00	1,00	1.00
NOVA SANTA ROSA	CO-2 1-21	0,00	0,00	0,00	0.00





Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

- **TOTAL:** puntos acadados en total.
- **C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.**
- **C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación.**
Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como percebeira (con acreditación) en embarcacións que contan coa modalidade nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo. Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase nos 2 anos anteriores á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.
- **C.3: Habitualidade da actividade pesqueira.**
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos, Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase o ano natural inmediatamente anterior á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

